

Juan Viaño

Candidato a reitor da USC

Juan Viaño aposta polo aforro e a transparencia desde a campaña

- O candidato gastou 2.240 euros nos que se inclúen a fotografía e a impresión de programas e carteis, entre outros conceptos.
- O custo total da campaña non supera o 50% do presuposto que a USC pon a disposición de cada candidato.

Santiago, 22 de abril de 2014. Nunha campaña para as eleccións á reitoría da USC no que o tema principal foron os problemas económicos que atravesara a institución, Juan Viaño quixo apostar polo aforro dende o primeiro momento, aproveitando ó máximo todos os recursos.

O gasto que o equipo de Viaño dedicou á **impresión de programas** foi de **600 euros**, mentres que para a **impresión** de 250 **carteis** se destinaron **400 euros**. Este material repartiuse por todas as facultades de Santiago e tamén no campus de Lugo. No que respecta ó apartado dixital, investíronse na **web 140 euros**.

A isto hai que sumar o custo de **fotografía**, tanto para o candidato coma para o resto do seu equipo, ó que se dedicaron **400 euros**, así como tamén a cantidade destinada á **corrección de textos** e a **xestión** da información cos **medios** de comunicación, uns **700 euros**.

A suma **total** ascende a **2.240 euros**, o que supón só o **49,8% do presuposto** que a USC pon a disposición de cada candidato para empregar na súa campaña (uns 4.500 euros). Trátase, polo tanto, dun aforro considerable xa que a cantidade sobrante devólveselle á universidade.

Máis información: <http://juanviano.com>

Twitter: <https://twitter.com/JuanVianoReitor/> @juanvianoreitor

Flickr: <http://www.flickr.com/photos/120918413@N04/sets>